


PEZA DO MES

outubro

2009



CERÁMICA TIPO CLUNIA



DEBUXO COA COMPOSICIÓN DECORATIVA

CERÁMICA TIPO CLUNIA

A peza que hoxe presentamos, como outras moitas que xa foron obxecto de estudo para esta actividade que o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense ven realizando desde fai mais de dez anos, procede das escavacións realizadas no Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé, campañas de 1986-1987.

Trátase dunha cunca das denominadas cerámicas tipo Clunia, de pasta ocre amarela. Borde inclinado cara o interior, parede lixeiramente convexa e pé en resalte. Decoración metopada na parte superior da carena, separada por liñas verticais paralelas; unha das metopas presenta un motivo vexetal e a outra, unha aspa sinxela. Baixo a carena, serie de arcos invertidos que pousan nunha liña horizontal. Pintura de color marrón.

Este tipo cerámico prodúcese na cidade de Clunia, desde os primeiros anos da segunda metade do século Id. C. ata comezos do século II d. C., como resposta á entrada nos circuitos comerciais hispanos de cerámica de importación, sobre todo itálica.

Desde o punto de vista técnico, aínda que non coñecemos os fornos cerámicos –que debían ser moi sinxelos, pois en función da análise da pastas, parece que non era fácil controlar con precisión a temperatura de cocción– podemos facernos unha idea das súas características, tendo en conta os datos que nos proporcionan as propias cerámicas. O barro está ben depurado, de cor ocre amarelo, vermello alaranxado e, en menor medida, con tonalidades brancas, dándose a coincidencia de que, algunhas

vezes, nunha mesma peza, atópanse a cor alaranxada e a ocre amarela, debido a unha cocción diferencial. Isto da como resultado unha cerámica dura, de superficie externa ben coidada e de fractura limpa. As paredes son moi finas, oscilando entre 4 e 2 mm., correspondendo a zona de maior grosor ao arranco inferior do corpo.

O repertorio tipolóxico do obradoiro cluniense non é moi variado, si o comparamos con outras producións cerámicas, como pode ser a *terra sigillata*. Abascal Palazón clasifica oito formas xenéricas, catro pechadas e catro abertas, coas súas correspondentes variantes. Entre as formas pechadas destacan as botellas de corpo cilíndrico, botellas tipo lecitos, xeros ovoides e as pequenas xerras de corpo barrigudo con asas. Entre os recipientes abertos atopamos os grandes vasos de parede cóncava, os vasos de borde exvasado e carena moldurada e as cuncas carenadas.

Neste último tipo, definido por cuncas carenadas de borde vertical ou inclinado cara ó interior, de pouca altura, ancha boca e pé moldurado, atendendo criterios de relación entre o diámetro da boca e altura, podemos establecer subtipos. Entre eles individualizamos esta peza, caracterizada pola pouca altura do borde a partir da carena, en relación co resto do corpo (1,5 cms. sobre 5 cms. total de altura da cunca), cando no resto das pezas a parte superior da carena garda a mesma proporción ou mide máis que a inferior. Esta forma recorda e haina que por en relación coa Ritterling 5 de *terra sigillata*.

No tocante a decoración, realízase con pintura marrón, debéndose a maior ou menor intensidade á densidade da pintura, pero sempre dentro da mesma gama. Para a forma que nos ocupa, a composición decorativa é sempre a mesma: división en dous frisos á altura da carena, separados por unha ou dúas liñas horizontais, co superior presentando decoración metopada separada por un conxunto de liñas verticais, e co inferior cunha serie de arcos entrelazados invertidos. Esta decoración de compartimentación da estrutura en frisos horizontais está ben documentada na cerámica de Azaila, así como as metopas separadas por liñas verticais, presentes na cerámica de tradición vaccea, pero será na *terra sigillata* e na cerámica tipo Clunia, onde a combinación destes dous estilos alcance un pleno desenvolvemento.

Os motivos ornamentais figurados son variados, podéndose sinalar os zoomorfos, vexetais e xeométricos, non existindo modelos exclusivos a ningún tipo de formas, si exceptuamos as grandes aves que só aparecen na forma 6. En efecto, destacan as grandes aves de corpo oco e aspecto cilíndrico, orixinais de Azaila, que evolucionan estilizando o corpo e reducindo o seu tamaño, aínda que seguen mantendo o penacho característico. As lebres e coellos, tema posiblemente procedente dos modelos da *terra sigillata*, represéntanse sempre en actitude de carreira. Pola



VISTA INFERIOR

súa banda, os peixes, orixinarios da cerámica de Numancia, conforman sempre o corpo con trazos en posición horizontal, que conflúen deixando libre un espacio triangular frontal para a cabeza.

Esta cerámica tipo Clunia, da que somentes coñecemos o alfar dos “Pedregales”, situado nas aforas da cidade de Clunia, –tal e como dicta a *Lex Ursonensis*, para aqueles talleres que exceden determinada produción– é o resultado da fusión das tradicións cerámicas do val do Douro e da rexión vaccea cos procedementos técnicos e decorativos das *sigillatas* itálicas esudgálicas. O choque do mundo indíxena, neste caso da cultura ibérica, co mundo itálico, vai a definir unha cerámica que se caracterizará pola redución do catálogo formal e do tamaño das pezas, pola simplificación dos elementos decorativos e por unha certa tendencia á ornamentación en frisos metopados. Esta é resposta dos oleiros indíxenas, que idearon novas variedades que lles permitiron manter a súa posición no mercado, sendo competitivos, incorporando elementos tomados do repertorio romano coas particulares interpretacións dos elementos tradicionais.

A distribución destas manufacturas parece restrinxirse ao marco xeográfico do val do Ebro e zona oriental e central do val do Duero. Na zona Astur, están ben documentadas nos xacementos zamoranos de Rosinos de Vidriales, Abraveses de Tera, ou Fuentes de Ropel, entre outros, sendo Astúrica Augusta, posiblemente, o principal mercado desta cerámica en territorio Ástur. A súa presenza na provincia de Ourense constitúe o punto máis afastado de comercialización deste alfar, se exceptuamos o exemplar de Ampurias.



VISTA FRONTAL

A aparente descontextualización destas cerámicas no NW. en relación co centro produtor, non é tal si temos en conta estudos doutros aspectos como a circulación monetaria, a presenza de emigrantes desta zona da meseta no NW., ou o comercio das *sigillatas*, que poñen de manifesto a pronta vinculación deste sector no NW. co mundo do val do Ebro, precisamente na época na que Gallaecia se desmembra da Lusitania para integrarse na Tarraconense.


Desde o punto de vista da funcionalidade, estas cuncas inclúense entre os *vasa potoria*, vasos para beber, pois suponse que nestes momentos non existe unha diferenciación funcional nítida entre os vasos e algúns tipos de cuncas, polo que estas manufacturas van coincidir no mercado con toda unha serie de recipientes que cumpren usos idénticos. Neste sentido, cóntase con gran abundancia de cuncas, sobre todo de terra siguillata gálica e hispánica das formas Drag. 27 e 24/25, con diferentes tamaños para usos distintos, tamén imitadas en cerámica común. Mesma funcionalidade realizan os denominados vasos de “cerámica de paredes finas” de diferentes procedencias, pero que para o Noroeste vai contar coas producións do alfar de Melgar de Tera que practicamente monopoliza o mercado deste tipo de vasa potoria, restrinxido polo tanto enormemente a comercialización de outros produtos ca mesma funcionalidade. Tamén deben ser considerados algúns tipos de xarriñas grises, e os elegantes vasos de forma tronco-cónica, de uso exclusivo, elaborados en vidro incoloro e decorados con grupos de liñas paralelas horizontais gravadas. Tampouco debéramos esquecer para este ámbito territorial determinadas formas da cerámica bracarense.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web:**
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9,30 a 14,30h

16,00 a 21,00h

domingo: 9,30 a 14,30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Xulio Rodríguez González.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO